

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**9524** *Corrección de erros da Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria.*

Advertidos erros na Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 158, do 3 de xullo de 2015, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 6, índice, disposición derradeira terceira, onde di: «Artigos modificados: 8, 395, 525, 608, 748, 749, 758, 769, 777, 778 bis, 778 ter, 778 quáter, 782, 790, 791, 792, 802 e a disposición derradeira vixésimo segunda.», debe dicir: «Artigos modificados: 8, 395, 525, 608, 748, 749, 758, 769, 777, 778 quáter, 778 quinquies, 778 sexies, 782, 790, 791, 792, 802 e a disposición derradeira vixésimo segunda.».

Na páxina 7, índice, disposición derradeira oitava, onde di: «Artigos modificados: 20, 20 bis, 20 ter, 20 quáter, disposición adicional vixésimo terceira, disposición adicional vixésimo cuarta e disposición derradeira segunda.», debe dicir: «Artigos modificados: 20, 20 bis, 20 ter, 20 quáter, disposición adicional vixésimo cuarta, disposición adicional vixésimo quinta e disposición derradeira segunda.».

Nas páxinas 64 e 65, no número 1 da disposición transitoria quinta, onde di: «Ata a entrada en vigor da disposición derradeira quinta desta lei, ao matrimonio relixioso evanxélico seralle aplicable o disposto no artigo 7 da Lei 24/1992, do 10 novembro, pola que se aproba o acordo de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, agás o número 5, que quedará redactado da forma seguinte:», debe dicir: «Ata a entrada en vigor da disposición derradeira quinta desta lei, ao matrimonio relixioso evanxélico seralle aplicable o disposto no artigo 7 do Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, aprobado pola Lei 24/1992, do 10 de novembro, agás o número 5 do artigo 7, que quedará redactado da forma seguinte:».

Na páxina 65, no número 2 da disposición transitoria quinta, onde di: «Ata a entrada en vigor da disposición derradeira sexta desta lei, ao matrimonio relixioso xudeu será de aplicación o disposto no artigo 7 da Lei 25/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de Cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España, salvo o número 5 do artigo 7, que queda redactado da forma seguinte:», debe dicir: «Ata a entrada en vigor da disposición derradeira sexta desta lei, ao matrimonio relixioso xudeu seralle de aplicación o disposto no artigo 7 do Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España, aprobado pola Lei 25/1992, do 10 de novembro, agás o número 5 do artigo 7, que queda redactado da forma seguinte:».

Na páxina 65, no número 3 da disposición transitoria quinta, onde di: «Ata a entrada en vigor da disposición derradeira sétima desta lei, ao matrimonio relixioso islámico será de aplicación o disposto no artigo 7 da Lei 26/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de Cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España, salvo o número 3 do artigo 7, que queda redactado da forma seguinte:», debe dicir: «Ata a entrada en vigor da disposición derradeira sétima desta lei, ao matrimonio relixioso islámico seralle de aplicación o disposto no artigo 7 do Acordo de cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España, aprobado pola Lei 26/1992, do 10 de novembro, agás o número 3 do artigo 7, que queda redactado da forma seguinte:».

Na páxina 86, no número dez da disposición derradeira terceira, onde di: «... integrado polos novos artigos 778 bis a 778 quáter, co seguinte título...», debe dicir: «... integrado polos artigos 778 quáter a 778 sexies, co seguinte título...».

Na páxina 86, no número once da disposición derradeira terceira, onde di:

«Once. Engádese un artigo 778 bis coa seguinte redacción:

Artigo 778 bis. *Ámbito de aplicación. Normas xerais.*»,

debe dicir:

«Once. Engádese un artigo 778 quáter, coa seguinte redacción:

Artigo 778 quáter. *Ámbito de aplicación. Normas xerais.*»

Na páxina 87, no número doce da disposición derradeira terceira, onde di:

«Doce. Engádese un artigo 778 ter coa seguinte redacción:

Artigo 778 ter. *Procedemento.*»,

debe dicir:

«Doce. Engádese un artigo 778 quinquies, coa seguinte redacción:

«Artigo 778 quinquies. *Procedemento.*»

Na páxina 90, no número trece da disposición derradeira terceira, onde di:

«Trece. Engádese un artigo 778 quáter coa seguinte redacción:

Artigo 778 quáter. *Declaración de ilicitude dun traslado ou retención internacional.*»,

debe dicir:

«Trece. Engádese un artigo 778 sexies, coa seguinte redacción:

Artigo 778 sexies. *Declaración de ilicitude dun traslado ou retención internacional.*»

Na páxina 94, no número dous da disposición derradeira cuarta, onde di:

Dous. O número 1 do artigo 58 bis queda redactado do seguinte modo:»,

debe dicir:

«Dous. Introdúcese o artigo 58 bis, co seguinte contido:

Artigo 58 bis. *Matrimonio celebrado en forma relixiosa.*»

Na páxina 99, no número dous da disposición derradeira oitava, na penúltima e última liña do primeiro parágrafo do número 1 do artigo 20 bis que se engade, onde di: «... artigo 55.4 da Lei do 28 de maio de 1862 do notariado.», debe dicir: «... artigo 56.4 da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado.»

Na páxina 101, no número cinco da disposición derradeira oitava, onde di:

«Cinco. Engádese unha nova disposición adicional vixésimo terceira.

«Disposición adicional vixésimo terceira. *Sucesión ab intestato do Hospital de Nuestra Señora de Gracia de Zaragoza.*»»,

debe dicir:

«Cinco. Engádese unha nova disposición adicional vixésimo cuarta.

«Disposición adicional vixésimo cuarta. *Sucesión ab intestato do Hospital de Nuestra Señora de Gracia de Zaragoza.*»

Na páxina 101, no número seis da disposición derradeira oitava, onde di:

«Seis. Engádesse unha nova disposición adicional vixésimo cuarta.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Sucesión ab intestato das deputacións forais dos territorios históricos do País Vasco.*»,

debe dicir:

«Seis. Engádesse unha nova disposición adicional vixésimo quinta.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Sucesión ab intestato das deputacións forais dos territorios históricos do País Vasco.*»

Na páxina 130, no número un da disposición derradeira décimo sétima, dentro do número 2 modificado, onde di: «... coa venda ou coa subministración de ben ou servizo, incluídos os bens inmobles,...», debe dicir: «... coa venda ou coa subministración de bens ou servizos, incluídos os bens inmobles,...».

Na páxina 132, no número 2 da disposición derradeira vixésimo primeira, onde di: «... título VIII da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado...», debe dicir: «... título VII da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado...».

Na páxina 132, no número 4 da disposición derradeira vixésimo primeira, onde di: «4. As modificacións do artigo 7 da Lei 24/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España; as do artigo 7 de Lei 24/1992, de 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España, e as do artigo 7 de Lei 26/1992, do 10 de novembro, pola que se aproba o Acordo de cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España, contidas nas disposicións derradeiras quinta, sexta e sétima, respectivamente, que entrarán en vigor o 30 de xuño de 2017.», debe dicir: «4. As modificacións do artigo 7 do Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, aprobado pola Lei 24/1992, do 10 de novembro; as do artigo 7 do Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España, aprobado pola Lei 25/1992, do 10 de novembro, e as do artigo 7 do Acordo de cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España, aprobado pola Lei 26/1992, do 10 de novembro, contidas nas disposicións derradeiras quinta, sexta e sétima, respectivamente, que entrarán en vigor o 30 de xuño de 2017.».